

Formación do profesorado

Convocatoria de proxectos de formación

Proxectos de formación para profesorado de formación profesional e ensinanzas especiais

Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Obxecto	3
3.	Persoas destinatarias	4
4.	Duración.....	4
5.	Solicitudes e prazos.....	4
6.	Documentación	5
7.	Comisión de selección	5
8.	Selección.....	6
9.	Resolución da convocatoria.....	6
10.	Dotación e xestión económica.....	6
11.	Coordinación e asesoramento	7
12.	Seguimento.....	7
13.	Memoria final	8
14.	Avaliación final	8
15.	Certificación.....	8
16.	Difusión e publicación de materiais	8
17.	Anexos	8
	Anexo I: Preinscrición	9
	Anexo II: Solicitud de participación.....	10
	Anexo III: Guión para a elaboración do proxecto	11
	Anexo IV: Memoria final.....	12
	Anexo V: Acta final	13

1. Introducción

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como responsable da planificación da formación do profesorado, prevé para o curso 2008-2009 a convocatoria en centros docentes sostidos con fondos públicos de proxectos de formación específicos para a formación profesional e as ensinanzas especiais, atendendo ás características destes colectivos, como modalidade fundamental de formación, que se desenvolve nos propios centros educativos para fomentar a súa autonomía organizativa e pedagóxica, e para favorecer e estimular o traballo en equipo do profesorado.

Esta modalidade está dirixida a propiciar e facilitar a innovación, a mellora da práctica docente e a actualización científico-técnica, no propio centro educativo e desde el, de modo que incida na mellora da educación.

Isto supón a participación do profesorado no deseño da súa propia formación, desde unha perspectiva de equipo e en función dun proxecto conxunto, cos seguintes obxectivos:

- Dar resposta ás súas necesidades de formación, ao propiciar a construción dun modelo propio do centro que desenvolva todas as dimensións da práctica educativa.
- Fomentar a súa formación nas competencias profesionais –para abordar con eficacia todas as situacións do proceso de ensino e aprendizaxe– e no desenvolvemento das funcións que o profesorado debe desempeñar nunha sociedade complexa e en permanente cambio.
- Establecer liñas prioritarias de traballo e de toma de decisións para a mellora consensuada da educación do alumnado e do funcionamento do centro, así como para a posta en práctica e a avaliación de accións que repercutan na mellora da calidade dos procesos curriculares e organizativos.
- Promover a formación dos equipos docentes a través do traballo colaborativo e do fomento da súa autonomía, partindo da experiencia e da capacidade do profesorado.

Para a presente convocatoria establécense estas liñas de actuación prioritaria:

- Actualización dos contidos respecto aos novos currículos da formación profesional e das ensinanzas especiais.
- Mellora da xestión dos centros e dos departamentos.
- Mellora da xestión dos espazos e dos medios.
- Transferencia do coñecemento dos procesos e dos medios do sector produtivo á aula.

En consecuencia, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento desta formación nos propios centros docentes, procede facer pública a oportuna convocatoria consonte as seguintes bases:

2. Obxecto

Convocar un máximo de 70 proxectos de formación do profesorado de formación profesional e ensinanzas de réxime especial nos centros educativos de niveis non universitarios que impartan estas ensinanzas, para impulsar proxectos que nazan da identificación dunha área de mellora, a partir da detección de necesidades e da autoavaliación da súa práctica, con participación de toda a comunidade educativa.

O profesorado do centro educativo realizará o establecemento da área de mellora, mediante procesos de identificación, clasificación, categorización e formulación, para o que contará coa colaboración do asesor ou a asesora de formación profesional ou ensinanzas especiais.

Deberá atender a aspectos xerais dos ámbitos científico, técnico, curricular, organizativo e de investigación educativa adaptados ao modelo do centro, e contar co compromiso de implantación ou de aplicación para propiciar o cambio e a innovación, polo que cumprirá informar o claustro e o consello escolar.

Cada proxecto será proposto por un grupo de docentes dun centro, e poderá incorporar profesorado doutros centros que comparta a súa proposta de mellora, para lograr o número adecuado de participantes e o óptimo aproveitamento dos recursos.

O grupo de participantes ha elaborar o proxecto de traballo, baixo a dirección do coordinador ou da coordinadora e coa colaboración do equipo directivo, do asesor ou da asesora de formación profesional ou de ensinanzas especiais dos centros de formación e recursos, e, de ser o caso, da persoa experta ou do equipo externo que vaian impartir docencia no proxecto.

3. Persoas destinatarias

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os proxectos contarán cun mínimo de catro participantes, que será profesorado que cumpra as condicións de:

- Impartir docencia en ciclos formativos de formación profesional ou ensinanzas especiais, e ademais
- Estar destinados en centro sostidos con fondos públicos, e no caso de centros privados, en ensinanzas concertadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os participantes poderán pertencer a un centro ou a varios. Neste último caso, o centro de referencia será o do membro coordinador ou coordinadora.

Unha vez aprobado o proxecto, non se poderán incorporar novos participantes. No suposto de se produciren baixas e non se acadar o número de catro participantes, o proxecto tería que suspenderse.

4. Duración

A duración do proxecto de formación será dun mínimo de 20 horas e dun máximo de 50 horas, durante o curso académico 2008-2009.

5. Solicitudes e prazos

Os centros educativos interesados deberán solicitar o asesoramento do asesor ou da asesora de formación profesional ou de ensinanzas especiais do centro de formación do seu ám-

bito, co propósito de participar na convocatoria e para poder realizar a delimitación do tema, e de colaborar na elaboración do proxecto. Os prazos para solicitar a participación serán, para o curso 2008-09, desde o 1 de setembro de 2008 ata o 20 de xaneiro de 2009. Para garantir a posibilidade de participar durante o período da convocatoria realizaranse tres fases de selección e aprobación. En cada fase resolverase, como máximo, un terzo dos proxectos convocados, entre os presentados antes do 30 de setembro de 2008, antes do 30 de outubro de 2008, e antes do remate do prazo, o 20 de xaneiro de 2009. Se na primeira ou na segunda fase concorren proxectos que non sexan seleccionados, pasarán a concorrer na seguinte fase.

A preinscrición para a participación realizarase no centro de formación do seu ámbito, segundo o modelo do anexo I, así como a documentación da solicitude, de ser o caso.

Unha mesma persoa non poderá participar en dous proxectos destas características.

6. Documentación

- A preinscrición realizarase seguindo o modelo do anexo I.
- Á solicitude deberáselle achegar a seguinte documentación:
 - Relación do profesorado comprometido no proxecto, segundo o punto 4 do modelo de solicitude (anexo II). O número de participantes nunca será menor de catro persoas. Dentro desta relación ha figurar o nome do coordinador ou da coordinadora, que será responsable do desenvolvemento do proxecto.
 - Proxecto, onde cumprirá desenvolver os puntos recollidos no anexo III. Presentarase en papel e en soporte informático.

7. Comisión de selección

Unha comisión realizará a selección na Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Esta comisión ha ter a seguinte composición:

- O subdirector xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente.
- Un inspector ou unha inspectora por designación da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
- Dous asesores ou dúas asesoras de formación profesional ou de ensinanzas especiais, pertencentes aos servizos centrais da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
- Tres asesores ou asesoras de formación profesional ou de ensinanzas especiais con destino nos centros de formación e recursos.
- Un funcionario ou unha funcionaria da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, con voz e sen voto, que se ocupará da secretaría.

Son funcións da comisión de selección:

- Seleccionar e aprobar os proxectos presentados que cumpran os requisitos e os criterios establecidos na presente convocatoria.

- Velar para que se cumpran as condicións establecidas na aprobación definitiva.
- Resolver sobre a continuidade dos proxectos dos que, a partir do seu seguimento, se deduza que non se axustan ás condición de aprobación.
- Avaliar e propor a certificación da formación de participantes unha vez concluído o proxecto, entregada a memoria final e valorada positivamente.

8. Selección

Unha vez analizadas as solicitudes recibidas e os informes elaborados polos asesores e as asesoras responsables de cada proxecto, a comisión de selección reunirse no prazo de dez días naturais a partir dos días 30 de setembro, 30 de outubro e 20 de xaneiro, para a selección e a aprobación entre quen, cumprindo os requisitos mencionados na base quinta desta convocatoria, se axuste máis aos seguintes criterios:

- Relevancia innovadora do proxecto.
- Adecuación ás liñas prioritarias propostas.
- Rigor e coherencia na elaboración do proxecto e na concreción dos obxectivos e dos contidos.

Logo do proceso de selección redactarase a acta correspondente, na que figurará a relación dos proxectos seleccionados e aprobados, a dos denegados e a dos excluídos.

Esta acta deberá incluír os seguintes datos:

- Título.
- Nome da persoa coordinadora.
- Nome do centro de referencia.
- Número de profesores e profesoras participantes.
- Número de horas previstas para a realización do proxecto.
- Orzamento asignado a cada proxecto.

9. Resolución da convocatoria

A aprobación definitiva farase pública nos centros de formación e recursos e na páxina web da formación profesional e ensinanzas especiais.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán presentar as oportunas alegacións perante o director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, no prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

Unha vez aprobada, non se admitirán modificacións na relación de participantes.

10. Dotación e xestión económica

O proxecto ha contar cun orzamento para o seu desenvolvemento, polo que cumprirá achegarlle a correspondente proposta, segundo os seguintes conceptos:

- Docencia ou intervención e dirección de persoas expertas, que non poderá exceder o 50 % do total das horas previstas para o desenvolvemento do proxecto.
- Material funxible e bibliografía para a realización.
- Desprazamentos, cando sexa necesario para o desenvolvemento dalgunha actividade proposta.

Con independencia do orzamento presentado, a comisión de valoración poderá solicitar os informes necesarios para verificar a adecuación das contías solicitadas aos obxectivos propostos. Ademais, deberá constar expresamente ou ben que non se recibiu nin se vaia solicitar ningunha outra axuda económica ou ben, en caso contrario, as axudas que se solicitan e os importes recibidos.

O asesor ou a asesora responsables de cada proxecto han realizar a súa xestión económica, con cargo ao orzamento do plan de formación do profesorado de formación profesional e ensinanza especiais.

11. Coordinación e asesoramento

O coordinador ou a coordinadora do proxecto serán responsables do seu desenvolvemento. Xa que logo, correspóndelle, entre outras funcións, as de organizar o traballo do grupo; convocar, dirixir e comprobar a asistencia ás reunións; coordinar a avaliación do proxecto, así como a elaboración dos materiais e a presentación da memoria final. Para tal efecto, redactará actas das reunións de traballo que se celebren no desenvolvemento do proxecto e, na acta de resumo final consignará o total de horas realizadas por cada participante.

O asesor ou a asesora de formación profesional ou de ensinanza especiais dos centros de formación e recursos ofrecerán apoio e asesoramento e, por tanto, participarán na elaboración e no desenvolvemento do proxecto, polo que deberán asistir ás sesións de traballo do grupo que consideren oportuno, nomeadamente a aquelas en que participen as persoas expertas ou relatoras externas.

Así mesmo, o asesor ou asesora serán responsables da selección e da proposta das persoas expertas externas, que poderán participar tanto na elaboración e no desenvolvemento do proxecto escrito como impartindo os módulos formativos acordados, segundo os casos, e no proceso de avaliación final do proxecto.

12. Seguimento

Correspóndelle á comisión de selección prevista no punto sétimo o seguimento do desenvolvemento do proxecto, para o que se reunirá, polo menos, no mes de marzo, para realizar o seguimento do proxectos aprobados.

O asesor ou a asesora responsables de cada proxecto elaborará un informe de seguimento antes das reunións da comisión de selección.

13. Memoria final

Os coordinadores ou as coordinadoras dos proxectos presentarán unha memoria final ao remate do proceso, axustada ao modelo do anexo III desta convocatoria, que cumprirá entregar impresa e en soporte informático.

A data límite de entrega das memorias no centro de formación e innovación será o 1 de xuño do ano 2009.

14. Avaliación final

A avaliación de cada proxecto será competencia da comisión de selección.

Os asesores e as asesoras responsables de cada proxecto deberán elaborar un informe final relativo ao desenvolvemento do proxecto e da memoria final.

A comisión de selección contará con estes informes para avaliar a memoria final e propor o número de horas acordadas para cada proxecto, para os efectos da certificación, que expedirá o director ou directora do centro de formación e recursos.

Non se poderá propor para a certificación o profesorado que non asistira ao 85 % da duración do proxecto.

15. Certificación

A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais expediralle ao profesorado participante o certificado acreditativo da súa participación no proxecto. No certificado deberá constar o número de horas realizadas, proposto pola comisión de selección na acta de avaliación final do proxecto.

16. Difusión e publicación de materiais

Os materiais elaborados nos proxectos poderán ser difundidos pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a través da rede de centros de formación, dos centros integrados de formación profesional e do portal educativo.

Se o grupo de formación decide publicar os materiais, deberá facer constar que tivo subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

17. Anexos

Anexo II: Solicitud de participación

1. Título do proxecto de formación e asesoramento en centros:

2. Centro:

Solicitud de participación na convocatoria de proxectos de formación do profesorado de formación profesional e ensinanza especiais para o curso 2008/2009

Datos do centro:

Denominación Código

Tipo de Centro: Público Concertado

Enderezo

Localidade..... Código postal

Teléfono Fax Correo electrónico

Datos da persoa coordinadora:

Nome e apelidos

NIF

Correo electrónico@edu.xunta.es

3. Compoñentes do proxecto de formación que manifestan cumprir os requisitos da convocatoria e non incorrer en ningunha das incompatibilidades establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

Nº	Apelidos e nome	NIF	Correo electrónico	Sinatura
1			@edu.xunta.es	
2			@edu.xunta.es	
3			@edu.xunta.es	
4			@edu.xunta.es	
			@edu.xunta.es	
			@edu.xunta.es	
			@edu.xunta.es	

Solicita participar na convocatoria de proxectos de formación do profesorado de formación profesional e ensinanza especiais, para o curso académico 2008-2009.

....., de de

O/A coordinador/a

Asdo:

Visto e prace:

O/a director/a do centro (sinatura e selo)

Asdo:

Sr./Sra. Director/a do Centro de Formación e Recursos de

Anexo III: Guión para a elaboración do proxecto

1. Título.
2. Xustificación, que recolla os seguintes aspectos:
 - Detección de necesidades para a identificación da área de mellora.
 - Autoavaliación da práctica educativa de que se parte.
 - Importancia do proxecto para a práctica docente e/ou de funcionamento do centro.
 - Implicación da comunidade educativa co entorno produtivo.
3. Obxectivos.
4. Contidos e actividades.
5. Recursos humanos e materiais necesarios.
6. Calendario e horario previstos para a realización do proxecto.
7. Necesidades orzamentarias, consonte o establecido na base novena.
8. Avaliación: criterios e procesos para a avaliación do proxecto.
 - Consecución dos obxectivos.
 - Cumprimento do calendario de traballo.
 - Valoración de persoas relatoras.
 - Adecuación do gasto ao orzamento previsto.

Anexo IV: Memoria final

1. Análise do contexto en que se desenvolveu o proxecto.
2. Xustificación das variacións introducidas respecto do proxecto inicial (de ser o caso).
3. Consecución dos obxectivos:
 - Obxectivos propostos.
 - Obxectivos cumpridos ao final do proceso.
4. Contidos desenvolvidos e actividades realizadas.
5. Criterios e procesos de avaliación empregados.
6. Conclusións: logros e incidencia no centro.
7. Relación detallada dos materiais didácticos elaborados e dos documentos que se entregan (en papel e en soporte informático).
8. Actas das sesións de traballo do grupo con relación das persoas asistentes e ausentes.
9. Acta de resumo final asinada polo coordinador ou coordinadora (anexo V).
10. Materiais elaborados.

Anexo V: Acta final

Acta de avaliación do profesorado participante no proxecto de formación do profesorado de formación profesional e ensinanzas especiais, desenvolvido durante o curso 2008-2009

D./Dna.

Coordinador/a do proxecto de formación en centros:

Celebrado no centro:

Certifica que as persoas que se relacionan deseguido asistiron e participaron con aproveitamento na devandita actividade, o que se fai constar co fin de que se lles expida a correspondente certificación.

Nº	Apelidos e nome	DNI	Horas

Así mesmo, a continuación relaciónanse as persoas que non teñen dereito á certificación, con indicación da causa.

Apelidos e nome	DNI	Causa

..... de de

O/A coordinador/a da actividade:

Asdo: